

A FONSAGRADA: UNHA VILA POR OBRA DAS SÚAS FEIRAS

Pegerto Saavedra

Se, como ten sinalado Enrique López Fernández, A Fonsagrada naceu como santuario apegado a unha fonte na que se aparecía unha imaxe da Nosa Señora (lenda frecuente, tamén documentada para explicar, por exemplo, a existencia da capela e romaría de Llan), medrou grazas ás súas feiras que a foron convertendo nun núcleo urbano, antes de acadar a condición de capital do municipio e de vila, na década de 1830. Non é caso único en Galicia, pois o mesmo aconteceu con Monterroso, Ferreira do Valadouro e sobre todo O Carballiño, e poderían engadirse outras poboacións.

A comezos do século XVI A Fonsagrada era una pequena parroquia, habitada por ducia e media de veciños, segundo documenta o primeiro censo “moderno”, feito entre 1528 e 1534: *“En Nuestra Señora de Fuensagrada dicen que viven junto a dicha iglesia de Nuestra Señora dieciséis o diecisiete vecinos, e que los cinco dellos serán hidalgos. No pagan servicio ni alcabala, porque dicen que la dicha iglesia tiene privilegio para los hesentar (eximir)”*. Grazas á publicación de moitos documentos da Casa de Altamira por parte de José García Oro e María José Portela Silva, sabemos que na igrexa e na súa contorna celebráranse poucos anos antes diversas reunións de veciños do concello de Burón, que daquela preiteaban co conde de Altamira, coa finalidade de librarse do seu señorío. Concretamente, o 4 de agosto de 1526 o procurador xeral do concello Xoán Fernández Teixeira convocou, coas debidas formalidades, aos veciños a unha xunta: *“mando... a todos los moradores desta tierra e concejo de Burón... que para el día de Nuestra Señora de Santa María de agosto primero que viene se presenten todos, cada uno con sus armas, en el lugar de Fonsagrada, a facer concejo para facer un auto que pertenece a servicio de sus imperiales altezas (Carlos V e a raíña Xoana, súa nai), a prol e honra de la dicha tierra e concejo de Burón, e vengan casados e por casar e viejos e mozos de quince años arriba...”*. Alí requiriron ao terceiro conde don Lope Sánchez, daquela menor de idade, que non se intitulase señor de Burón, pois eles non recoñecían máis señor que o rei, a quen pedían que os amparase e garantise as súas liberdades, usos e costumes. Nomearon rexedores e xuíz ordinario e solicitaron aos monarcas autorización para mudar a audiencia, ou sexa a capital ou cabeza do concello, da Proba “al lugar de Fuensagrada”, distante só “un tiro de espingarda”, onde prometían facer una casa para celebrar as xuntas e as audiencias do xuíz, así como cárcere. Os veciños sen dúbida querían escapar da sombra do castelo, símbolo da opresión señorial, e reunirse nun lugar máis alto, poida que tamén coa intención de buscar o amparo da

Nosa Señora. Pero nin con avogada tan poderosa lograron vencer no preito á Casa de Altamira. Para xustificar o cambio da capital do concello da Proba á Fonsagrada botaban man dunha lenda, segundo a cal había moito tempo que eran noticiosos dun crime moi grave que acontecera na vila: *“una dueña que se llamaba dona Sancha de Grandas mató a su marido García Fernández de Balcárcer, que dicen que era bisabuelo del conde de Lemos, en este lugar de la Puebla de Burón, la primera noche que con él hubiera de dormir, e fuyó para Portugal. E fue la querella al rey que entonces reinaba, y el rey envió alguna persona o personas de la su corte a hacer justicia de dicho delito, e derrocaron el muro de la dicha Puebla de Burón e las casas e salgaron el dicho lugar, e diéronlo por traidor, hablando con reverencia, e nos, por nos desviar de tal sitio es nuestra voluntad ... de mudar la audiencia de allí e pasarla al lugar de Fuensagrada...”*. Estes e outros acordos, que finalmente non puideron pórse práctica, porque o conde gañou o preito, tomáronse por diante de escribán o 15 de agosto de 1526, na igrexa de Santa María da Fonsagrada .

Non atopei noticias do crime atribuído a dona Sancha de Grandas, e menos de que o rei mandase salgar as terras da Proba (un terrible castigo bíblico para pobos malditos), pero esa señora parece que existiu, pois entre as obrigas dos condes de Altamira figura en 1724 a pagar 18 canados de viño da viñas de Navia ao convento de Santo Domingo de Lugo pola celebración de 17 misas cantadas e rezadas pola ánima da mencionada, que estaba casada con Alvar Pérez Osorio (e non con García Fernández, salvo que matrimoniase dúas veces), que testou en agosto de 1374 no seu pazo de Fontecha, no Páramo leonés, pertencente aos antepasados dos marqueses de Astorga e polo mesmo do home de dona Urraca de Moscoso, nai do segundo conde de Altamira.

Os veciños da Fonsagrada conservaron durante toda a Idade Moderna os privilexios fiscais que menciona o censo de 1528-34: nunca pagaron servizo ordinario, contribución aprobada nas cortes de Castela de modo periódico, da que estaban libres os fidalgos e cregos, pero que resultaba moi pesada, sobre todo ata 1542, para os peiteiros. Tampouco pagaban cargas señoriais aos condes de Altamira, segundo declaran en 1753 na relación que dá para o catastro de Ensenada. Non hai que descartar que esta situación animase a persoas do concello a establecerense na futura vila. Si tiveron que contribuír a outros impostos, como as sisas que desde 1600 gravaban a venda de viño.

As feiras na Fonsagrada

A primeira noticia que atopei (pode haber outras anteriores) sobre as feiras de setembro data da década de 1580, cando Felipe II ordenou facer unhas pescudas fiscais para

aumentar as alcabalas, un imposto que era algo así como o IVE, pois en teoría supoñía un 10 por do prezo das compravendas de calquera artigo ou ben. Varios veciños dos concellos de Burón e Navia (que formaban unha gran circunscrición fiscal), *“hombres de edad y buen entendimiento y que tienen noticia de las mercadurías y mantenimientos que se vienen a vender”* declaran que hai algún trato nas romarías de san Brais, san Cibrán e santo André, e que *“ansimesmo se hace una feria en Nuestra Señora de la Fuensagrada, y esta feria de Nuestra Señora, por haber hecho algunos milagros y llevado desto información al rey nuestro señor, la mandó franquear de alcabala”*. O que se vendía nas romarías ascendería a 240 ducados ao ano, pero na Fonsagrada chegaba a 1000 ducados, o que quer dicir que se a feira nacera asociada a festa da Nosa Señora estaban acadando unha entidade propia como mercado principal da montaña. En todo caso, a noticia é de 1580, pero está claro que a celebración xa levaba anos e estaba consolidada.

Outra proba da importancia que ían acadando as feiras vén dada polo feito de que en 1610 A Fonsagrada aparece, dentro do concello buronés, como un partido ou circunscrición fiscal independente, cando cada un dos outros oito estaba formado por varias parroquias. A razón disto é que as sisas recadadas pola venda de viño na localidade eran importantes, e non precisamente porque a parroquia fose grande, senón pola xente de fóra que acudía a comprar e vender mercadorías.

A principios do século XVIII as feiras eran coñecidas en toda Galicia , en Asturias e León. Don José Isla de la Torre, gobernador dos estados de Altamira durante moitos anos e que visitou Burón polo menos en dúas ocasións, sinalaba en 1724: *“Celébranse por San Juan, y Nuestra Señora de Septiembre de cada año en la Fuensagrada dos ferias muy célebres, que abundan de muchos paños, y géneros, así de esta Corona, como de las extranjeras, de caballerías, queso, manteca, y mantas de la tierra, y de los demás frutos que produce (o concello) sin otras ferias menores, y mercados de cada sábado”*. Xa non eran só as de setembro, senón tamén as de San Xoán, os mercados dos sábados, seguramente as outras que tiñan lugar ate non hai moitos anos: o san Sebastián, san Marcos de marzo e abril, Ascensión, Corpus, santa Isabel, Nosa Señora de agosto..., que aparecen mencionadas na década de 1770, mais non no catastro de Ensenada, de 1753. Este relaciona as de setembro , as de san Xoán e os mercados dos sábados, e a de san Mateo de Padrón, pero non as outras, o non quere dicir que non se celebrasen, pois o documento ten ocultacións. Das de setembro e san Xoán di que comercia con *“todo género de frutos, ganados, tiendas de paños, de platería, lienzos y buriel, todo lo que se vende libremente, a excepción de lo que corresponde al peso”*,

pois neste caso o conde de Altamira levaba un marabedí por cada libra aos veciños e o dobre aos forasteiros. Nos mercados dos sábados vendíase centeo, trigo, fabas, castañas, pan cocido, sal e peixe, e hai que ter en conta que os mercados semanais son propios de poboacións vilegas. En todo caso, salvando o san Mateo, as da Fonsagrada parecen ser as únicas feiras e mercados de todo o concello, e mesmo do de Navia, onde non había ningunha ata que arredor de 1790 comezou a de San Miguel na parroquia de Barcia. A Proba de Burón, como vila, debeu ter nalgún momento mercado, pero logo deixou de celebrarse, tal vez substituído polo da Fonsagrada. O que non sabemos é cando ás feiras de setembro se engadiron as outras, en particular as de san Xoán.

En 1754 comezaron a celebrarse en Lugo as feiras de san Froilán, autorizadas entón por só dez anos. A cidade de Mondoñedo e o concello de Burón preitearon para anular o permiso, pois entendían con razón que a nova feira competía coas de setembro e coas de san Lucas. O concello de Lugo argumentaba que tiña dereito á nova feira, entre outras razóns porque a cidade contaba co singular privilexio de ter exposto durante as 24 horas o Santísimo. Os de Burón, pola súa parte, retrucaban que eles tampouco estaban deixados da man de Deus, pois estaba acreditado que a Nosa Señora ben que os favorecera: *“en una de las montañas de dicho concexo se apareció una imaxen de Nuestra Señora, que hoy se titulaba de la Fuensagrada”*, obrándose pola súa intercesión diversos milagres, e dando orixe á romaría do 8 de setembro, e a maiores, *“había dado esto motivo a que de inmemorial tiempo se estableciese y tuviese feria pública en el expresado sitio y día”*. O san Froilán foi adiante, pero as feiras da Fonsagrada non decaeron. En 1804 o ferrolán Lucas Labrada dá razón delas entre as principais de Galicia: *“En el 8 de septiembre en la Fonsagrada, que está al extremo del concejo de Burón. Es feria que dura ocho días; concurre a ella mucho ganado vacuno del Reino (de Galicia) y de la provincia de León, paños, quincalla, vino, y otros efectos”*. No verán e outono de 1791 houbera motíns en moitas feiras de Galicia, porque as autoridades da Secretaría de Facenda decidiran aumentar moito a carga que debían pagar por alcabalas, pero non consta que se producisen atagallidos nas da Fonsagrada, seguramente porque aínda que tamén foron gravadas, perdendo a condición de francas. Os veciños do concello acordaron repartir a cantidade correspondente entre todos, de modo que as feiras continuaron gozando da antiga liberdade fiscal.

A economía dende mediados do século XVIII: a importancia do comercio

Se nos fixamos só no número de lumes e persoas, a mediados do século XVIII A Fonsagrada non pasaría de ser un pequeno lugar e parroquia, con 185 habitantes en 37

fogares segundo o catastro de Ensenada, feito en 1753. A meirande parte son cualificados de labradores que traballan as terras en foro ou arrendo (aqueles que só declaran gando). Non faltan as bodegueiras entre as sete mulleres cabezas de casa, pois algunhas delas só teñen un ou varios porcos (como Colomba Vidal ou Isabel Fernández, cada unha con unha porca de cría e dous porcos). Pero de todos os xeitos, só da agricultura e gandería non poderían vivir os 37 veciños, pois as terras cultivadas de xeito permanente reducíanse a 4 ferrados de hortaliza, 240 de labradío que producía centeo (200 deles con un ano de descanso) e 60 de prados de secano e regadío. A estas superficies engadíanse 180 ferrados de montes comúns, que se cavaban de tarde en tarde (cada 30 ou máis anos), 50 de montes inútiles e 36 ocupados por casas, camiños, paredes e sebeiros. En total 28,2 ha., extensión moi por baixo da real, pois na medición do ano 2000 o término da vila acadaba as 100 ha (un km²), pero parece que sumando o de Vilapiñol. A cabana gandeira estaba formada por 103 cabezas de vacún (delas 17 bois e 45 vacas de cría), 162 de ovino, 31 de cabrío e 165 cochos, o animal que case non faltaba en ningunha casa. O cabalar e mular era escaso: só cinco cabezas. O catastro de 1753 ten moitas ocultacións, sobre todo na medición das terras, xa que se calculamos a colleita bruta de centeo por familia segundo os datos que proporciona sería por termo medio de 4-4,5 fanegas, que descontadas as rendas, décimo e semente quedarían reducidas a menos de tres, o pan necesario para dous meses escasos. Pero por moito que corriamos estas cifras non darían para alimentar as familias durante o ano.

Moitos fogares tiñan polo tanto outras fontes de ingresos. Había, dunha banda, unha certa diversificación profesional: figuran censados cinco quincalleiros (entre eles unha muller), un tratante de panos de somonte, dous xastres, un carpinteiro e un canteiro, á parte dun taberneiro e un estanqueiro. Algúns destes oficiais traballaban tamén a terra. Non se relacionan tecedoras ou outros oficios femininos, salvo algunhas criadas, pero hai que ter en conta que o catastro non recolle en moitos casos o traballo das mulleres. E logo estaba o que varias familias podían cobrar durante as feiras polo alugueiro de casas, terreos, e mesmo de tendas de madeira, carros, e ata escadas para que os feirantes colocasen as mercadorías. Pois hai puntos nos que A Fonsagrada se diferencia con claridade das outras parroquias do concello e que de primeiras poden pasar desapercibidos. Non só que nela se venda moito máis viño e tabaco, como pon de manifesto o arrendo da sisa que levaba don Juan Bautista Pasarín por 2.190 reais, cando en ningunha outra freguesía chega a 1000, sendo tamén pequenas as ganancias do abastecedor, cando a Pasarín lle calculan 1.500 reais. Do mesmo xeito o estanqueiro despachaba 5 libras de tabaco cada mes, cando o habitual no “pesillo” de cada parroquia

do concello era vender media libra. Isto é, naturalmente, resultado da concorrência ás feiras, pois por moito que bebesen e fumasen os 37 veciños non gastaban tanto.

Pero o que máis chama a atención é o número e valor catastral das casas da Fonsagrada. Os veciños eran 37, pero as casas chegaban a 103 (máis 21 hórreos)), o que o catastro xustifica dicindo que cada familia ten dúas ou tres para o seu uso, o que é certo pois tamén se cualifican de casas outras edificacións como pendellos para gardar cousas ou para choer ovellas ou cabras. En todas as parroquias hai máis casas que veciños, pero non coa diferenza rexistrada na Fonsagrada: no Trobo, por exemplo, figuran 121 lumes e 176 casas, en Freixo 103 e 167, en Vilabol 97 e 141, en San Martín de Suarna 83 e 118, e na Proba 43 veciños e 54 casas. En conxunto nestas cinco parroquias hai 1,5 casas por veciño, e na Fonsagrada 3, e moitas son de xente de fóra, de veciños de freguesías dos arredores pero tamén de Asturias, Baleira, Lugo, etc.

E no tocante ao que podemos chamar valor catastral (o que no documento de Ensenada figura como “regulóse su alquiler”, que non é valor do alugueiro, pois tamén se aplica ás que son vivendas da propia familia), os niveis que acadan na Fonsagrada son en xeral moi superiores aos das outras parroquias. Don Juan Pasarín e Llamas, por exemplo, o fidalgo máis rico do lugar, declara dous hórreos, catro casas con un alto, co valor catastral de 70, 100, 200 e 400 reais, cantidades estas dúas extraordinarias, sobre todo a última, pois non hai que pensar que as vivendas eran moi grandes. A dos 400 reais tiña 14 varas de fronte e 5 de fondo (12x4,5 metros aproximadamente) e sete casas terreas ou dunha soa planta, cada unha avaliada a efectos fiscais en 100 reais. Don José Canel, veciño de Puerto de Vega, declara tres casas con un alto, unha avaliada en 200 reais, e seis terreas, tres avaliadas en 100 reais cada unha. A viúva de apelidos rumbosos dona Teresa Queipo (ou Queipa) Niño de Allonca e Ladrón de Guevara, tiña dúas con un alto (taxadas en 70 reais) e cinco terreas, unha delas avaliada en 100 reais... . Claro que logo atopamos outras casas que se valoran en menos de dez reais. O tamaño, o tipo de construción e a situación tiveron que influír moito, pero hai que ter en conta que un valor catastral no concello por riba dos 12 reais xa chama a atención. Basta dicir tocante a isto que o pazo que en San Martín de Arroxó tiña don Francisco Gegunde e Llamas avalíase en 16 reais, e as tres casas terreas en 6, 3 e 2 tan só; a casa grande do Retiro (Paradavella) de don Antonio Gabriel de las Riveras en 14, e as dúas casas con alto que declara na Proba don José Páramo, de Vilabade, en 12 e 14 reais, o mesmo que as catro terreas. Se miramos fóra concello atopamos no de Navia de Suarna o pazo de Virigo, con cerca de 200 metros cadrados por planta, e taxado fiscalmente en 70 reais, o que quere dicir que a vivenda dun fidalgo que vivía na freguesía de Vilarpandín e tiña unhas

mil fanegas de centeo de renda se valora menos que moitas pequenas casas terreas da Fonsagrada. Polo tanto, os valores que atopamos aquí parecen propios dun núcleo urbano, e seméllanse máis aos de vilas como Ribadeo ou Pontedeume que aos das outras parroquias buronesas, e han de relacionarse coa vida comercial do lugar, que sen dúbida motivou que xentes de fóra tivesen interese en mercar ou levantar algunha casa, aínda que fosen terreas, pois as de un alto son unha pequena parte. As terreas poderían ser pallozas, pero o catastro non di de que estaban cubertas; de calquera xeito non son circulares, senón cadradas ou rectangulares. Se os veciños eran 37 os declarantes de bens, sexan casas ou algunha terra, ascenden a 79. Algúns fidalgos podían ter unha casa para almacenar e vender as rendas de pan e castañas, pois cando entraba a primavera (desde as feiras de san Marcos), a demanda de pan aumentaba entre os labregos, e os prezos da Fonsagrada servían de referencia nos concellos da contorna.

Cando chegaban as grandes feiras moitas destas casas alugábanse a comerciantes para almacéns e para tenda. Como quedou dito, os veciños tamén ofrecían carros, mesas e mesmo escadas para as mercadorías, e algúns fabricaban tendas de madeira que se podían desmontar e gardar unha vez rematada a celebración. De todo isto hai noticia en documentos xudiciais de mediados do XVIII, nos que se disputaba sobre o propiedade do solo á hora de alugalo a mercaderes. Don Juan Pasarín, por exemplo, afirmaba ser propietario da cuarta parte do lugar da Fonsagrada, incluído todo o término, e os Canel, orixinarios de Puerto de Vega (un deles casara con unha Pasarín), chamábanse a outro tanto.

O atractivo da Fonsagrada para os que non eran do lugar non estaba nas terras de labor, senón nos inmobles, revalorizados polo comercio. A vocación comercial é o factor que singulariza esta pequena poboación en toda a montaña luguesa, e os simples datos demográficos non indican a importancia que tiña cando se fai o catastro de Ensenada.

Desde 1750 o aumento da poboación da Fonsagrada foi moi notable, debido sen dúbida á súa expansión comercial, relacionada tamén con cambios nas economías labregas. De acordo co diccionario de Miñano en 1826 acadaba os 92 lumes, nos que vivían 451 habitantes, cando a Proba non chegaría a 300, e aínda que outros censos de 1827 e 1840-44 dan cifras algo máis baixas é probable que conteñan ocultacións, en particular os que a nova Deputación provincial mandou facer na década de 1840. En todo caso, a decisión das autoridades de establecer en 1834 a capital do novo municipio na Fonsagrada, outorgándolle á poboación a categoría de vila non foi un capricho caciquil, senón o recoñecemento da súa importancia comercial, e tamén a súa situación

estratéxica para combater as partidas carlistas que tanta actividade tiveron no concello. Desde moito antes moitas xestións das autoridades relixiosas de Oviedo, xudiciais e militares non se facían na Proba senón na Fonsagrada, que mesmo a documentación da encomenda de Portomarín de 1751 trata de “vila”, cando non era de dereito, pero que lles parecía tal aos membros desta institución apousentados nela para facer un inventario xudicial ou apeo do seu patrimonio. Merece a pena lembrar o que quedou dito atrás: máis de trescentos anos antes, en 1526, os veciños que preitearan cos condes del Altamira xa tentaran mudar a capital do concello, nunha situación moi diferente á de 1834.

1834: a vila, ademais de centro do comercio pasa a ser centro de servizos

Convertida en vila e en capital do novo concello creado pola administración liberal, A Fonsagrada engadiu á súa condición comercial a de centro de servizos, sendo tamén cabeza de partido xudicial e de distrito electoral. En 1860 acadaba os 114 veciños e os 546 habitantes, o triplo de cen anos antes. E o crecemento seguiu, pois no censo de 1888 figura con 769 habitantes de feito, no de 1910 con 722, e no de 1930 con 907, unha cifra semellante a de 1940. Na segunda metade do XIX A Fonsagrada convértese na vila máis importante, con diferenza, da montaña luguesa e arredores. En 1860 aínda tiña máis habitantes (720) a vila de Doncos, fora cabeza de concello, pero en 1888 quedara atrás. Meira, Becerreá, ou Quiroga, e non digamos xa Castroverde ou a Proba de Navia non competían con ela en termos demográficos. Nin tampouco os seus concellos, pois o fonsagradino acadou os 18.000 habitantes en 1860, cousa que beneficiaba a capital pola demanda que xeraban de mercadorías e servizos. Deste modo, parte dos comerciantes que antes viñan ás feiras remataron por establecerse de modo permanente, como tamén algúns dos grandes “propietarios” (máis ben rendistas), segundo poñen de manifesto as listaxes electorais e da contribución rústica posteriores a 1850. E aínda hai outra sinal do dinamismo da Fonsagrada que é a tipoloxía dos edificios, pois os dunha soa planta ou casas terreas representan unha porción cada vez menor do total. En 1860 eran cinco, mentres que os de dúas plantas chegaban a 106 e os de tres a 9. En 1900, había, pola mesma orde, 15, 110 e 14, e en 1930 só quedaban 4 dunha planta, subiran a 127 os de dúas, a 35 os de tres e aparecera un de catro plantas. Tamén neste punto A Fonsagrada se diferenciaba das outras vilas mencionadas antes, nas que a tipoloxía dos inmobles cambiaba con máis lentitude.